

REGULAMENTO BÁSICO DO USO DO SERVIZO DE LUDOTECA MUNICIPAL

Artigo 1º - Fundamentación

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.1 que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, declarando expresamente no mesmo artigo 25.1 apartado 2.k que exercerán competencias de prestación dos servizos sociais

Artigo 2º - Titularidade

A titularidade da Ludoteca Municipal é do Concello de Vedra.

Artigo 3º - Concepto

A Ludoteca é un servizo público consistente nun espazo onde existen xoguetes e outros materiais lúdicos a disposición dos usuarios/as para o mellor desenvolvemento do xogo e que conta cun Proxecto socio-cultural-educativo co obxectivo principal do desenvolvemento dos nenos/as través do xogo no tempo libre en coordinación cos recursos da zona e a cargo dun equipo de profesionais especializados no tema.

A Ludoteca non é unha gardería, nin un local comercial con espazo para xogos, nin lugares de celebración de aniversario, nin tampouco unha prolongación dos servizos que ofrecen os centros de educación primaria.

Artigo 4º - Obxectivos

- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos menores nun entorno lúdico.
- Axuda-lo menor a desenvolver a súa imaxinación e creatividade mediante o xogo.
- Favorecer non só o xogo, tamén a comunicación, o traballo en equipo e o respecto.
- Potencia-la convivencia nun clima de respecto mutuo.
- Detección precoz de condutas inadecuadas (agresividade, aillamento, retraso da maduración, chamadas de atención, marxinação), desenvolvendo estratexias para reconducilas e modificalas adecuadamente.
- Orientar ós pais/nais ou titores/as ante as demandas que éstos presenten sobre aspectos pedagóxicos e educativos.

Artigo 5º - Usuarios

Serán nenos/as de 4 anos cumpridos no momento de realizarse a inscrición ata 12 anos.

Artigo 6º - Persoal

O servizo de Ludoteca Municipal aplicando o Decreto 354/2003 polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e sen establecen os seus requisitos, contará cun equipo de profesionais con formación ou experiencia profesional no campo da educación ou no de socioanimación infantil e xuvenil. Estes profesionais cualificados serán:

- 1.-Un/a coordinador/a que deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Titulado superior en pedagogía, psicoloxía ou psicopedagogía.
- 2.-Dous monitores/as que deberán poseer o título de bacharelato ou de Formación profesional de grado medio, con cursos de animación e tempo libre.

A ratio establecida aplicando o Decreto 354/2003 é:

- Nenos/as de 3 a 6 anos :1/25
- Nenos/as maiores de 6 anos : 1/30

Artigo 7º - Normas de funcionamento

Cada usuario/a poderá solicitar un máximo de catro xogos ó día no préstamo interno. Este material non poderá sacarse do local da Ludoteca.

Cada usuario deberá reintegrar o xogo solicitado unha vez terminado o tempo de uso e sempre antes de solicitar un novo xogo. Cada usuario deberá colaborar na recollida de materiais de libre acceso en función da utilización realizada e das súas posibilidades.

Cada usuario poderá exercer a súa liberdade sin coartar a dos demais.

O Concello de Vedra non se responsabiliza dos roubos ou perdas de obxectos que poidan sufrir os/as usuarios/as.


En canto ó préstamo externo, cada usuario poderá solicitar emprestado un xogo de cada vez para levar a casa, poderá disfrutar del durante dúas semanas o cabo das cales deberá realizar a súa devolución no rexistro da Ludoteca en iguais condicións a como lle foi emprestado, de non ser así deberá reparar os desperfectos, ou si esto non é posible, restituílo xogo por outro igual ou similar. En caso de atraso na devolución cobraráselle 60 ctmos de € por cada semana que pase.

Artigo 8º - Horario e número de plazas

A Ludoteca permanecerá aberta 4 horas o día no horario de tarde, que poderán variar conforme o número de solicitudes e necesidades municipais. Nas tempadas estivais o Concello poderá realizar actividades na Ludoteca en distintos horarios según as necesidades do servizo.

Os Ludotecarios/as adicarán un horario en exclusiva para a preparación de actividades, tamén se poderá destinar un horario de atención para pais/nais ou tutores/as.

O número de plazas será de 65, podendo establecer distintas quendas.



Artigo 9º - Dereitos e Deberes

Dereitos:

- 1 Os que recoñece a Constitución Española, os Tratados Internacionais e os demais dereitos garantizados polo Ordenamento Xurídico.
- 2 Facer uso da Ludoteca Municipal disfrutando dos seus bens e servizos.
- 3 Solicitar información das actividades e programa
- 4 Manifestar as súas inquietudes e propostas.

Deberes:

- 1 Respecto en xeral ós usuarios e os profesionais destinados ó servizo.
- 2 Facer uso correcto dos bens e servizos da Ludoteca.
- 3 Cumprir co Regulamento de Uso da Ludoteca.
- 4 Os usuarios deberán atender as indicacións referentes a usos dos diferentes materiais que lles sexan plantexados polos responsables da instalación.
- 5 Contribuír de acordo coa Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas da Ludoteca Municipal.
- 6 Seguir as indicacións dos responsables.

Artigo 10º - Causas da Baixa

Incumprimento da idade reglamentaria para a permanencia na Ludoteca. A estes efectos a data da baixa será a de finalización do ano.

Solicitud de baixa por parte dos pais/nais ou titores, con efecto dende o momento da solicitude.

Non abono das cotas correspondentes

Comprobación de falsidade nos datos ou documentos aportados

Causa de infracción moi grave


Artigo 11º - Normas de Convivencia

A.- De carácter xeral:

- É importante que os menores acudan a Ludoteca con roupa cómoda, desaconsellándose petos e calquera vestimenta que impida a autonomía dos/as nenos/as.
- No caso de que o neno/a fora a ser recollido por persoas distintas ás habituais haberá que avisar o Centro ou xuntar autorización escrita con fotocopia do DNI do titor/a legal.

B.- Aspectos sanitarios:

- Os menores non deben asistir ó Centro si presentan síntomas de enfermidade: fiebre, diarrea, conxuntivitis, pediculosis, ou calquera enfermidade infecto-contaxiosa.
- Non se administrarán medicamentos no Centro.
- No caso de que os menores presenten síntomas de enfermidade durante a súa estancia na Ludoteca avisarase os pais/ nais para que, na medida das súas posibilidades, o recollan o antes posible.



- En caso de accidente ou fiebre moi alta o menor será trasladado o Centro Sanitario máis próximo, comunicándoo a familia.
- É necesario coida-la hixiene persoal dos menores.

Artigo 12º - Resolución de Conflictos

No caso de xurdir un conflito non regulado neste Regulamento de Réxime Interno, o Centro avogará pola solución consensuada do mesmo procurando integralas distintas posturas nunha solución única que satisfaga a todos e permita continuar traballando nos obxectivos comúns.

Constituirase unha mesa de conciliación composta polo/a Concelleiro/a de Servizos sociais, a/o responsable coordinador/a da ludoteca e os representates legais do/a menor. Esta mesa reunirse antes de iniciar o procedemento sancionador

Artigo 13º - Infraccións

Consideranse infracción o incumprimento total ou parcial das obrigas establecidas no presente regulamento:

Considéranse infraccións leves:

- Non mostrar a debida dilixencia na utilización das instalacións e no material
- Non atender as indicacións e órdenes dada polos responsables do servizo.

Son infraccións graves:

- A reiteración na comisión de infraccións leves.
- Non manter o debido respecto ó resto dos usuarios.
- Non manter o debido respecto ó personal encargado do servizo.
- Causar de forma intencionada danos nas instalacións ou no material da Ludoteca.
- Altera-lo orden e impedir o adecuado desenvolvemento das actividades programadas.

Son infraccións moi graves:

- A comisión reiterada de infraccións graves.

Artigo 14º - Sancións e Procedemento sancionador

Na imposición de sancións garantízase o respecto do procedemento sancionador . Enténdese este procedemento sancionador como unha serie de medidas reeducadoras ou coeducadoras.

As infraccións leves serán sancionadas coas medidas reeducadoras ou coeducadoras recollidas no parágrafo anterior; estas infraccións serán acumulativas e cinco faltas leves constituirán unha grave.

As infraccións graves serán sancionadas coa expulsión da Ludoteca polo prazo dunha semana e no seu caso cunha multa equivalente o coste dos danos causados o material ou as instalacións.

As infraccións moi graves serán sancionadas coa expulsión de un mes da Ludoteca e no seu caso cunha multa equivalente o dobre do coste dos danos causados o material ou as instalacións. Se esta conducta se repetise e existira persistencia de o menos dous veces, a potestade de inhabilitación definitiva para a utilización do servizo de ludoteca, será exercida polo Concello, na

persoa do Alcalde-Presidente, e como garantía dos dereitos das persoas; comunicarase os/as interesados/as ou representates legais co fin de que formulen alegacións no exercicio do seu dereito de defensa, e posteriormente dictarase resolución.

Poderá ser sancionado o feito de non cumprir os horarios establecidos para a recollida dos/as menores e peche da ludoteca, a reiteración desta conducta en tres ocasións ou máis poderá ser sancionado/a cunha multa de 30€.

As sancións serán impostas por Resolución motivada do/a Concelleiro/a Delegado/a atendendo os intereses da comunidade infantil no uso da ludoteca, a vista do cumprimento das finalidades que lle son propias.

